

CURSO NIVEL I

REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

- Ter cursada a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e cumpridos 16 anos no momento de realización do curso.
- En caso de non alcanzar a maioría de idade, autorización paterna consentindo a devandita realización, e que transcorran dous anos desde a realización do curso de Iniciación.
- Ter completada a parte presencial e non presencial do Curso de Iniciación de xeito satisfactorio.
- Realizar a preinscripción previa á celebración do curso na delegación zonal correspondente.
- Pago da **cota de preinscripción (300 euros)** que inclúe taxas de matrícula das convocatorias ordinarias, docencia, atención titorial, certificación de diplomas, documentación do curso e material didáctico.
- Todos os adestradores que realizaron os cursos de Nivel I e II en Galicia desde o ano 2007 ata o ano 2011, ambos inclusive, e non teñan completadas as horas correspondente á parte non presencial dos mesmos, deberán realizalas obrigatoriamente antes do inicio da tempada 2013/2014.

PARTE PRESENCIAL

- A establecida segundo a carga lectiva.

PARTE NON PRESENCIAL

- Participar en 4 CETI (Programa de Captación- Seguimento FGB).
- Informe posterior do Responsable Deportivo Zonal (RDZ) sobre a súa participación nos mesmos.
- 20 horas de Formación continua (asistencia a charlas e clinics).
- Presentación de Memoria Final (Caderno diario de adestramentos) referida a un trimestre de traballo, ao RDZ da súa área xeográfica.
- Realización de Memoria final sobre as prácticas, coordinadas con Responsable Deportivo Zonal (RDZ)
- Será valorada pola área Deportiva a participación dos adestradores en eventos deportivos que o seu club organice de común acordo con FGB.

PERIODO DE REALIZACIÓN

A Área de Adestradores FGB organizará UN UNICO CURSO de carácter autonómico durante a tempada, coincidente coa época estival e a criterio da Secretaría Xeral e Área Deportiva FGB.